

BASES XERAIS DE ADMISIÓN DO CURSO DE FORMACIÓN "AUXILIAR DE ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A DOMICILIO"

1 PERSOAS DESTINATARIAS

Este curso está destinado principalmente a **mulleres desempregadas** e secundariamente (se houbera prazas) aberto a toda persoa interesada.

2 SOLICITUDES

As solicitudes a este programa formativo, segundo o modelo de ficha que se anexa, dirixiranse ao presidente da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte e presentaranse mediante algún destes medios:

- Rexistro da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (Praza de Galicia, 2º andar- Casa do Concello de Boiro), de luns a venres en horario de 9.00 a 13.30 h.
- Por correo electrónico (emprego@arousa-norte.es) . Entenderase asinada a ficha no momento do envío por correo electrónico.
- Por correo postal certificado.

Non se admitirán as solicitudes que non teñan cubertos todos os seus apartados.

O prazo para presentar as solicitudes rematará o 3 de febreiro de 2014 ás 13.30 horas.

No caso de non cubrixe as prazas ampliarase o prazo de presentación de solicitudes.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección de participantes dará lugar a exclusión automática do programa formativo.

Para calquera dúbida en relación a este programa formativo poden poñerse en contacto coa Mancomunidade de Municipios no teléfono 981 845 236 ou por correo electrónico (emprego@arousa-norte.es) .

Para poder asistir como alumno/a deberán de **presentar a seguinte documentación** xunto coa solicitude de inscrición (a documentación debe estar vixente):

- a. Para nacionais: Fotocopia do DNI, pasaporte ou permiso de condución ou no seu lugar, acreditación de extravío ou subtracción do DNI.
- b. Para estranxeiros: Fotocopia de NIE, TIE ,pasaporte ou permiso de residencia que acredite a súa nacionalidade .

3 SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Os participantes para o programa formativo seleccionaranse seguindo os seguintes criterios:

1. Persoas desempregados (2 puntos)

Acreditarase mediante fotocopia da tarxeta de demandante de emprego.

2. Persoas con especiais dificultades de inserción laboral (4 puntos)

Acreditarase mediante fotocopia ou orixinal dalgúns dos seguintes documentos:

-Beneficiario/a de axudas sociais ou subsidios por desemprego como poden ser: a renda de integración social de Galicia, a renda activa de inserción, subsidio de desemprego por responsabilidades familiares, por non ter o período mínimo de cotización para optar a unha prestación contributiva, por non ter responsabilidades familiares e ter 45 anos ou máis, por ter 55 ou máis anos, etc.

** Non se puntuará a prestación contributiva por desemprego (PARO).*

-Informe da condición de colectivo de especial dificultade de inserción laboral realizado por un/unha traballador/a social dos concellos da Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Riveira ou técnicos/as da Oficina de Igualdade e Benestar de Noia.

3. Experiencia profesional en atención sociosanitaria en domicilio (máximo 8 puntos)

a. Menos de 365 días.....4 puntos

b. De 365 días a 730 días.....6 puntos

c. De 731 días a 1095 días.....8 puntos

Acreditarase mediante fotocopia ou orixinal dos seguintes documentos: informe de vida laboral e contratos de traballo.

4. Residir en calquera dos concellos de Arousa Norte (Riveira, A Pobra do Caramiñal, Boiro ou Rianxo) (2 puntos)

Acreditarase mediante fotocopia ou orixinal do volante de empadramento.

5. Mulleres (2 puntos).

Esta formación realízase no marco nun programa de fomento do emprego en igualdade de oportunidades. O programa está dirixido principalmente a mulleres desempregadas.

6. Por orde de inscrición.

Antes do inicio do programa formativo publicarase o listado das persoas inicialmente admitidas no blog de emprego da Mancomunidade Arousa Norte <http://arousanortemprego.wordpress.com/curso-traballos-forestais/>

4 REXIMEN DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A expedición de certificados de asistencia supeditase á **acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas do curso de formación.**

O número de faltas do curso non pode superar o 20 % das horas, as cales non poderán ser dun mesmo módulo formativo (incluídas as prácticas).

As persoas admitidas que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito ou email remitido á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte antes de comezar o curso.

No caso de non confirmar antes do inicio do curso a non asistencia ou de abandonar o curso **dará lugar a exclusión de participación en outros cursos organizados pola Mancomunidade Arousa Norte** polo período dun ano.

Tras finalizar o curso e unha vez comprobado o réxime de asistencia emitiranse os certificados correspondentes. Os participantes deberán recollelo nas oficinas da Mancomunidade en horario laboral.

ANEXO I. PROGRAMA DO CURSO: AUXILIAR DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA NO DOMICILIO

| Núm. horas | Lugar | Prazas |
|-------------------|------------------------|---------------|
| 485 h | Centro Social de Boiro | 15 |

1 OBXECTIVOS

- Formar en atención socio sanitaria a domicilio.
- Informar dos requisitos para obter o certificado de profesionalidade en atención socio sanitaria.
- Informar das potencialidades de negocio nos servizos sociais.
- Promover a creación de cooperativas como saída laboral.
- Asentar a economía no medio rural.
- Favorecer a igualdade e a integración da muller no mercado laboral.
- Mellorar os servizos de atención socio sanitaria das persoas dependentes.

2 CONTIDOS

Módulo 1. Hixiene e atención sanitaria domiciliaria. 100 h.

Módulo 2. Atención e apoio psicosocial domiciliaria. 135 h.

Módulo 3. Apoio domiciliaria e alimentación familiar. 60 h.

Módulo 4. Emprendemento colectivo. 40 h

Módulo 5. Prácticas profesionais non laborables. 150 h.

O curso presenta un total de 135 horas teóricas e 150 horas prácticas.

3 PRAZAS

O curso acolle 15 prazas e seleccionaranse segundo os criterios de admisión xa mencionados na base 3.

4 DATAS , HORARIOS E LUGAR DO CURSO

| Lugar | Datas/ horario |
|------------------------|--|
| Centro Social de Boiro | Do 10 de febreiro ao 27 de xuño de 2014 De luns a venres en horario de 9.00 a 14.00 h |

Boiro, 16 de xaneiro de 2014